

Resolución do 10 de febreiro de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade de lingua e literatura galega do corpo de profesores de ensino secundario (590053).

Por unha Resolución do 2 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) e do corpo de profesores técnicos de formación profesional (591) (código de procedemento ED003A), entre outras, na especialidade de lingua e literatura galega (590053).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e da nota media alegada polas persoas aspirantes na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade de lingua e literatura galega (590053) do corpo de profesores de ensino secundario (590), de acordo co disposto na base sétima da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional na especialidade indicada e facelas públicas no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade de lingua e literatura galega (590053) do corpo de profesores de ensino secundario (590).

Segundo.- Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal, como Anexo I a esta resolución, a relación provisional de persoas admitidas xunto co baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade de lingua e literatura galega (590053) do corpo de profesores de ensino secundario (590) das persoas que xa figuran inscritas mediante convocatorias anteriores en virtude da disposición transitoria segunda do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente



da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias, relativa á exención do requisito de formación pedagóxica e didáctica de posgrao ou equivalente.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sétima da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas excluídas e o baremo provisional, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción “Alegacións”, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet da consellería.

Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.

Cuarto.- Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Quinto.- Rematada a situación extraordinaria derivada da pandemia xerada pola covid-19, que motivou a súa inclusión en virtude do establecido na citada disposición transitoria segunda, as persoas relacionadas no Anexo I serán reincorporadas na correspondente especialidade na orde de prelación derivada desta convocatoria, consonte ao establecido na súa base novena.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

